



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO



CONVENIO ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO E O CLUB CLUB DE TIRO OLÍMPICO CERNADIÑAS NOVAS, PARA A UTILIZACIÓN E XESTIÓN DAS INSTALACIONES DA MODALIDADE DE PRECISIÓN DO CAMPO DE TIRO DE CERNADIÑAS NOVAS (LUGAR DE FILGUEIRA, PONTEVEDRA)

En Lugo, a 1 de decembro de 2015

R E U N I O D S


O Sr. D. Angel Blas Paz Diaz, en nome e representación da Federación Galega de Tiro Olímpico, con C.I.F. G32014821, de acordo cos seus estatutos aprobados o 13 de abril de 2013 inscritos co nº F00026 no rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

O Sr. D. Antonio Escudero Leal, con D.N.I. número 35234940K, Presidente do Club de Tiro Olímpico Cernadiñas Novas, con C.I.F. G36100550, e enderezo social en San Andres de Xeve, lugar de Filgueira, 114 C.P.36154, (Pontevedra), de acordo cos seus estatutos aprobados o 11 de xuño de 2009, inscritos co número C266 no rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e co número 26 no censo de Clubes da Federación Galega de Tiro Olímpico.

E X P O Ñ E N

I. Conforme ao artigo 27.22 do Estatuto de Autonomía de Galicia a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte correspondendo á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

II. Segundo a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, as federacións deportivas galegas (art. 51 e seguintes) son entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende á Comunidade Autónoma. Asemade, e seguindo tamén o establecido na norma legal, na Comunidade Autónoma só existe unha federación deportiva por modalidade deportiva recoñecida (art.





FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO



51.5), desenvolvendo estas ademais das funcións que lle son propias, funcións públicas por delegación da Administración deportiva autonómica, actuando nestes casos como axentes colaboradores desta Administración: arts. 51.4 e 56.

III. Pola súa banda, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no seu artigo 5.1, atribúe á Administración autonómica o exercicio, entre outras, da competencia para “ordenar e, de ser o caso, xestionar as instalacións e os centros deportivos que teña adscritos”. De conformidade co artigo 5.2 da Lei do deporte de Galicia “As competencias indicadas na alínea anterior exerceeranás, nos termos establecidos nesta lei e, se é o caso nas súas normas de desenvolvemento, os órganos administrativos que determinen as normas de organización e funcionamento da Xunta de Galicia”

IV. O polígono de tiro de Cernadiñas Novas data do ano 1973, sendo no seu inicio de titularidade estatal ata que por medio dunha transferencia do Consejo Superior de Deportes (CSD), engadiuse ao Inventory Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como un ben destinado aos fins propios do órgano encargado da promoción do deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, na actualidade, a Secretaría Xeral para o Deporte.

V. O “Polígono de tiro de Cernadiñas Novas” o compoñen as seguintes instalacións: Tres campos de tiro (prato), nas modalidades de foso olímpico e universal (un autorizado); dúas galerías de tiro de 25 metros (tiro de precisión), unha galería de 10/25/50 metros (tiro de precisión), unha galería de aire comprimido (non reune condicións), así como as distintas instalacións sociais anexas (biblioteca, cafetería, vestuarios)

VI. Para o mais axeitado desenvolvemento das distintas especialidades deportivas de tiro olímpico que se practican na instalación, así como do resto de especialidades recollidas no regulamento de tiro da Federación Galega de Tiro Olímpico e na Real Federación Española de Tiro Olímpico, e de outras actividades como as probas de capacitación que na actualidade teñen lugar no “Polígono de Tiro de Cernadiñas Novas” (obtención da licenza “C”, exercicios de tiro obligatorios para o persoal de seguridade privada, prácticas e probas da obtención por primeira vez das licencias “D” “E” e “AEM”, entre outras), e necesaria unha fórmula de xestión que garanta a súa máxima rendibilidade deportiva, a través da aplicación de criterios e programas técnicos-deportivos rigorosos, onde se garanta unha axeitada utilización das instalacións e, en xeral, de tódalas condicións que inciden na mellora da práctica deportiva, faise necesario optimizar o polígono de tiro cara a posibilitar o axeitado desenvolvemento dun programa deportivo do tiro de base, que veña a nutrir aos programas de Tecnificación e de Rendemento existentes e futuros.





- VII. Mediante convenio entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Tiro Olímpico, asinado con data 1 de setembro de 2015, cérese á Federación a utilización e xestión do Campo de Tiro de Cernadiñas Novas (Lugar de Filgueira, Pontevedra).
- VIII. A Federación Galega de Tiro Olímpico podera delegar, mediante convenio, a xestión das instalacións de prato a clubes da modalidade de prato e instalacións de precisión a clubes da modalidade de precisión con enderezo social na provincia de Pontevedra.
- IX. O Convenio asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Tiro Olímpico será o marco legal que recolle as condicións de cesión por parte da Federación.
- X. A tal efecto, as partes subscriben o presente convenio que se suxeitará as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que regulan a utilización e xestión da instalación de titularidade autonómica “Polígono de Tiro de Cernadiñas Novas” (Pontevedra), por parte da Federación Galega de Tiro Olímpico, nos termos previstos na cláusula segunda deste convenio.

A finalidade será a de desenvolver no mesmo as actividades desta modalidade deportiva co obxectivo de potenciar, dende a base, as distintas especialidades deportivas incluídas dentro do Tiro Olímpico así como incrementar a súa presenza nas distintas competicións nacionais e internacionais, racionalizando, ao mesmo tempo, a xestión diaria desta instalación deportiva.

A utilización e xestión da instalación conleva tamén o uso do equipamento de titularidade da Xunta de Galicia e que se encontran nas instalacións do “Campo de Tiro de Cernadiñas Novas”. No tocante ao equipamento existente nas instalacións que non sexan titularidade da Xunta de Galicia, habilitase a Federación Galega de Tiro a levar a cabo os acordos necesarios, para, previa realización de inventario, optimizar os recursos materiais existentes na instalación. A Secretaría Xeral para o Deporte faculta á Federación Galega de Tiro para realizar os trámites administrativos necesarios para o axeitado



FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO



funcionamento da instalación e do equipamento propiedade desta secretaría xeral, así como outro material existente.

Segunda.- Condicións de exercicio da xestión da instalación.

O Club de Tiro Olímpico Cernadiñas Novas, xestionará o “Campo de Tiro de Cernadiñas Novas”, (modalidade de Precisión), aportando os medios necesarios, económicos, técnicos e humanos, para o óptimo desenvolvemento das actividades e programas que se celebren no Complexo e, en todo caso, baixo a supervisión da Federación Galega de Tiro Olímpico. A xestión obxecto do presente convenio ten un alcance exclusiva, e únicamente, deportivo.

Deberá, asemade, manter e conservar as instalacións, así como a parcela na que se ubican en perfecto estado de utilización, funcionamento, limpeza e hixiene, realizando ao seu cargo os traballos de conservación e mantemento.

Pola utilización das instalacións do campo de Tiro, a Federación Galega de Tiro Olímpico establecerá as cantidades a cobrar aos usuarios, sempre e cando a cantidade recadada sexa para contrarrestar os gastos que ocasione o mantemento e xestión das instalacións e en ningún momento produza enriquecemento do Club que as xestione ou da Federación.

A Memoria anual, que os clubes remitirán á Federación recollerá a proposta de melloras que sexan necesarias para o mantemento e conservación das instalacións, incluso novas inversiones que permitan garantir a súa operatividade e adaptalas ás novas Normativas e Regulamentos de tiro.

Unha vez delegada a xestión, o resto dos clubes con enderezo social na provincia de Pontevedra, só poderán utilizar as instalacións de Cernadiñas Novas para actividade deportiva, que deberá figurar no correspondente calendario da Federación Galega de Tiro olímpico. Os gastos que se xeneren polo desenvolvemento da actividade programada serán por conta do club organizador, así como os posibles gastos por avarías, roturas, etc.

1. A xestión da instalación levarase a cabo tendo en conta as seguintes condicións:

A instalación estará aberta os 5 días da semana, excepto luns e martes, co seguinte horario mínimo:

Modalidade de prato: de 10:00 a 13:30 horas e de 16:00 a 20:00 horas.





FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO



Modalidade de precisión: de 09:30 a 13:00 horas e de 16:30 a 20:00 horas.


Se coincide un festivo en luns ou martes tamén estará aberto no horario establecido.

A parte do anterior, se hai programados adestramentos controlados, formación ou prácticas de tiro durante os días luns e martes da semana, tamén se abrirán as instalacións. (Prácticas Garda Civil, Corpos de policía, seguridade, etc.

a. A instalación poderá ser utilizada polos seguintes colectivos:

- -Deportistas dos programas de Tecnificación, Rendimento e Elite da Federación Galega de Tiro Olímpico e da Real Federación Española de Tiro Olímpico.
- -Deportistas participantes en estadías de grupos de Tecnificación, Rendimento e Elite de outras comunidades autónomas e países.
- -Deportistas galegos/as participantes en competicións deportivas oficiais, con licenza deportiva en vigor, así como do resto do Estado e doutros países, pertencentes as distintas especialidades do Tiro Olímpico.
- -Outros deportistas con licenza federativa en vigor que por motivo das distintas particularidades das súas especialidades deportivas, necesiten usar as distintas instalacións do polígono de tiro.
- -Poboación escolar galega que participe en programas de promoción das distintas especialidades desenvolvidas pola Federación Galega de Tiro Olímpico.
- -Alumnos dos cursos das formacións deportivas oficiais.
- -Pessoal pertencente as distintas Forzas e Corpos de seguridade do Estado (en grupos organizados e con reserva previa).
- -Alumnos en prácticas de academias de seguridade privada (os alumnos en practicas deberán utilizar a instalación en grupos organizados, con reserva previa e baixo a tutela dun responsable.)
- -Alumnos dos cursos para a obtención de licenzas de armas (os alumnos en practicas deberán utilizar a instalación en grupos organizados, con reserva previa e baixo a tutela dun responsable).
- -Outras entidades/deportistas con autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte.

Atendido hoy





FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

- A Federación Galega de Tiro Olímpico xunto cos clubes que xestionen as instalacións, establecerán un calendario de actividade oficial e social para o uso das instalacións. No devandito calendario deberase incluir a actividade que programen o resto dos clubes con enderezo social na provincia de Pontevedra.
- A Federación Galega de Tiro esixirá aos clubes que xestionen as instalacións o persoal necesario para o funcionamento das mesmas. Deberán ter unha relación contractual axustada á lei e que cumpra os seus cometidos nas distintas instalacións do "polígono de tiro". Respecto do persoal, O Club que xestione as instalacións deberá respectar ao persoal que no momento da cesión, teña unha relación contractual axustada á lei e cumpra os seus cometidos nas distintas instalacións do "polígono de tiro".
- Os Clubes que xestionen as instalacións deberán subscribir unha póliza de seguro que cubra os danos que poida sufrir a instalación así como unha póliza de Responsabilidade Civil que cubra os danos producidos polo desenvolvemento da actividade.
- A Federación Galega de Tiro deberá establecer unha normativa de uso das instalacións, colocada nun lugar visible e onde obligatoriamente debe existir, como mínimo, a seguinte información:
 - Servizos e programas que se desenvolven, con mención expresa do seu carácter aberto ou restrinxido.
 - Horarios de apertura e peche das distintas instalacións, dos servizos e actividades desenvolvidas no polígono de tiro.
 - Normas de seguridade e bo uso das instalacións, así como información xeral ao público.
 - Tarifa de prezos de uso dos diferentes espazos e servizos das instalacións que deberán ser comunicados e aprobados pola Secretaría Xeral para o Deporte con anterioridade á súa implantación.





FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO



2. A Federación Galega de Tiro deberá entregar unha memoria anual, onde se recolla, como mínimo, os seguintes apartados:
 - Balance ingresos/gastos da instalación.
 - Actividades desenvolvidas no ano.
 - Nº de deportistas que utilizaron a instalación.
 - Nº de entidades que solicitaron o uso da instalación.
 - Incidencias significativas.
 - Proposta de melloras e situación das instalacións.

Para dar cumprimento ao apartado anterior, os clubes que xestionen as instalacións deberán aportar á Federación a documentación que se suliña no apartado 2.

No caso de que o balance de ingresos e gastos resulte positivo, o importe correspondente deberá ser invertido na mellora e acondicionamento das instalacións.

3. A Federación Galega de Tiro debe cumplir e facer cumplir todas as normas relativas á seguridade dos servizos nas instalacións, mantendo as instalacións nun estado óptimo que permitan pasar as diferentes inspeccións por parte da autoridade competente en materia de seguridade, informando de todas aquelas situacións anómalas que afecten ao estado aparente das instalacións ou que poidan dar lugar a outras de maior gravidade (regulamento de armas).
4. Os clubes que, mediante convenio coa Federación Galega de Tiro olímpico, xestionen as instalacións de Cernadiñas Novas, asumirán as condicións que lles correspondan no exercicio da xestión da instalación de xeito que cumplan coas esixencias da Secretaría Xeral para o Deporte.

Terceira.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha duración de dez anos, prorrogándose anualmente tacitamente de ano en ano, agás que unha das partes o denuncie un mes antes do seu término.

En todo caso calquera das partes poderá resolver o convenio notificándoo con tres meses de antelación.





En calquera caso, será causa de extinción do permiso de ocupación o incumprimento de calquera das condicións previstas no presente convenio ou na normativa vixente.

Cuarta.- Comisión de seguimiento e interpretación

Para o seguimento do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:

-Dous representantes designados pola Secretaría Xeral para o Deporte, un dos cales actuará como presidente con voto de calidade para o caso de empate nas discrepancias que poidan xurdir.

-Un representante da Federación Galega de Tiro Olímpico.

-Un representante por cada Clube que xestione total ou parcialmente a instalación

As discrepancias que, elevadas para súa resolución, non sexan resoltas a satisfacción da parte que a formule, serán sometidas ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

Septima.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que no seu artigo 6 contempla a posibilidade de subscribir convenios de colaboración con entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva, polos artigos 6 e 7 da Lei 30/1992 do 26 de novembro e pola Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega.

En proba de conformidade asínase o presente por triplicado no lugar e data arriba indicados.






FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO

XUNTA
DE GALICIA


DEPORTE
GALEGO

O Presidente da Federación Galega
de Tiro Olímpico,


D. Angel Blas Paz Diaz

O Presidente do Club de Tiro
Olímpico Cernadiñas Novas,




D. Antonio Escudero Leal